

# PARTHENOPE

Paolo Sorrentino, 2024

# 1429

ESTREA EN NUMAX: 18.12.2024 | V.O.S.E. | +16 | 136 min

Unha carta de amor a ese Nápoles que ri, enfeitiza e namora, que nos fai viaxar pola vida de Parthenop) desde o seu nacemento nos anos 50 até hoxe. Un conto que desborda paixón e liberdade e nos mergulla nos grandes amores e decisións que todo o mudan para sempre. A vida desta muller sen prexuízos e adiantada ao seu tempo é unha viaxe fermosísima, caótica e fascinante mentres descobre e aprende o oficio de vivir, nunha contorna tan puritana como opresora.

O mércores 18 de decembro celebraremos unha preestrea con presentación do xornalista José Villanueva Rey (@miraenotrasala).

«Enigmática pero atractiva, independente pero accesible. 'Parthenope' non é outra cousa que cinema»

Lee Marshall, SCREENDAILY



## Entrevista con Paolo Sorrentino: «As mulleres teñen unha pátina heroica superior á dos homes»

Por Jaime Iglesias Gamboa

**Que o levou a contar esta historia?** *Parthenope* nace dunha reflexión. Nos últimos anos deume por pensar que as nosas vidas, debido a que cada vez son máis longas e máis contradictorias, atesouran unha certa épica. Todos nós somos heroes e sobre todo as mulleres. As mulleres teñen unha pátina heroica superior á dos homes debido que as dificultades ás que teñen que enfrontarse son superiores ás dos homes.

**Diría que é unha historia sobre a beleza?** Non, non é unha historia sobre a beleza. Trátase máis ben dunha historia sobre unha muller que lembra momentos importantes da súa vida ata conferir a esta unha dimensión sacra; momentos que teñen que ver cos amores perdidos, as ilusións, as desilusións, as oportunidades que deixamos escapar, a asunción de certas responsabilidades.

**Ao fío da súa novela máis famosa, Gustave Flaubert dixo “Madame Bovary son eu”. Vostede é Parthenope?** *Parthenope* non son eu pero ten cousas miñas: a paixón pola liberdade, pola espontaneidade, unhas ganas de vivir non exentas de melancolía e un irrefreable desexo de lanzarme aos brazos do futuro. En todo caso, *Parthenope* é unha muller bela que debaixo desa superficie agocha unha complexidade que ninguén é quen de percibir.

**Resulta unha representación bastante exacta do que é Nápoles, non?** Un gran escritor italiano chamado Pontiggia dicía: “Nada pode ocultarse mellor que o evidente”. Neste sentido, tanto *Parthenope* como a propia cidade de Nápoles exhiben todo o seu esplendor, pero nese desexo de exhibirse hai un misterio. Esta contradicción, ao meu modo de ver, resulta fascinante.

**Despois de entregarse ao encanto de Roma, as súas dúas últimas longametraxes devolvérono á súa cidade natal, por que?** *Foi a man de Deus* non era un filme sobre o que me inspira unha cidade como Nápoles, era unha evocación dos meus propios recordos xuvenís na cidade. A partir de aí quedoume o desexo de rodar unha película onde puidese mostrar o que me conmove desta cidade. Por iso impúxenme facer unha película como esta pero agora que a fixen xa podo deixar de falar de Nápoles por unha tempada (risas).

**Parthenope é unha muller libre, curiosa, inquieta, que busca ter todas as respostas. Por que decidiu que o personaxe estudase antropoloxía?** Porque quería aproximala á miña propia maneira de ser. Eu, máis que cineasta, ás veces síntome un antropólogo, interésame saber como actúan as persoas, coñecer por que fan o que fan, por que se comportan como se comportan. Quería retratar a un personaxe que a través da súa paixón pola antropoloxía puidese penetrar en universos que, de entrada, lle son vetados. E iso é un pouco tamén o que xustifica o meu traballo como cineasta.

**Na película aparece Gary Oldman nun breve pero importante papel. Como foi traballar con el?** Foi sinxelo, traballar cos máis grandes sempre é sinxelo, e Gary é un dos cinco mellores actores do mundo. Nunha entrevista linlle dicir que lle gustaría traballar nunha das miñas películas... Que ía facer? É coma se Maradona di que quere xogar ao fútbol contigo.